

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016637	IES Cosme López Rodríguez	A Rúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Esta programación didáctica, elaborada para a materia de Latín I de 1º de bacharelato, toma como referencia e punto de partida a lexislación vixente:

- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE).
- Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas del Bachillerato.
- Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A programación foi deseñada para o Instituto de Educación Secundaria Cosme López Rodríguez, situado na Rúa, unha localidade emprazada nunha terraza fluvial do Sil, na comarca de Valdeorras, no nordés ourensán, a 100 km da capital da provincia. O instituto recibe, ademais do procedente da vila mencionada, alumnado dos concellos de Petín, Larouco, O Bolo e Vilamartín. O territorio está vertebrado por unha estrutura de redes viarias deficientemente dotadas que comunican núcleos de poboación moi dispersos. Máis da metade do alumnado ten que facer uso do transporte escolar, o que condiciona a organización dalgunhas actividades, especialmente complementarias e extraescolares.

A oferta educativa do noso instituto é: Educación Secundaria Obrigatoria; Bacharelato de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais; Ciclo de Formación Profesional Básica de Informática de oficina e Ciclo Medio de Formación profesional de Sistemas microinformáticos e redes.

O centro está ben dotado no que a instalacións se refire. Dispón dunha biblioteca con ordenadores e acceso a internet, dende a que se organizan actividades. A maior parte das aulas están dotadas de pizarra dixital e ordenador con acceso a internet. Para a nosa materia, contamos cunha aula específica, a onde acode o alumnado das distintas materias do departamento; isto permítenos dispor dunha biblioteca de aula, ademais da posibilidade de organizala, distribuila e incluso decorala para as nosas materias, o que proporciona un ambiente de traballo máis estimulante e motivador.

No presente curso contamos cunha soa liña en 1º de bacharelato. O grupo matriculado na materia Latín I, está composto por 3 alumnas, que cursaron Latín en 4º de ESO no noso centro.

A materia de Latín I en 1º de bacharelato forma parte do grupo de materias denominadas troncais de modalidade, e é de carácter obrigatorio no itinerario de Humanidades. Conta cunha asignación de catro horas semanais e está prevista no plan lingüístico de centro para ser impartida en lingua galega.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Traballamos cos textos.	Nesta unidade lemos, interpretamos e comentamos textos latinos de diferentes xéneros, como piar e base da materia de Latín nesta etapa educativa. Partindo dos textos, o alumnado adquire non só o coñecemento do contexto histórico, político, social, cultural e lingüístico que os rodean, senon tamén o espírito crítico para valoralos como clásicos para a civilización occidental e como fonte constante de inspiración para todas as posteriores manifestacións artísticas de toda a literatura e arte occidentais.	60	100	X	X	X
2	Falamos latín?	Nesta unidade estudamos o latín desde a súa perspectiva diacrónica e diafásica, analizando formas do latín culto e do latín vulgar, así como o resultado noutras linguas, romance e non romances, o que lle facilitará ao alumnado mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita, ofrecéndolle a posibilidade de identificar e definir o significado etimolóxico das palabras e inferir significados de termos novos ou especializados.	10	10	X	X	X
3	Roma, a cidade eterna.	Nesta unidade abórdase o estudo da historia de Roma, a súa organización política e social e a súa relación con outras culturas mediterráneas, especialmente coa grega. Esta unidade aportará ao alumnado a posibilidade de analizar as características da civilización latina e a súa achega á identidade europea, así como de comparar criticamente o presente e o pasado da civilización occidental. Ademais, o estudo das estruturas sociopolíticas de culturas precedentes, aportan a base para a comprensión do concepto de cidadanía democrática e comprometida.	15	10	X	X	X
4	A herdanza de Roma.	Nesta unidade estúdase o legado material e inmaterial e o patrimonio herdado de Roma nos seus moitos e diversos ámbitos: sociopolítico, artístico e relixioso. Ademais dos coñecementos sobre o legado romano, o alumnado aprenderá a valorar e respectar o seu propio patrimonio cultural.	15	20	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Traballamos cos textos.	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións directas de textos latinos, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares.	PE	70
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos sinxelos.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explica os cambios fonéticos, morfolóxicos e semánticos producidos no paso do latín ao galego e ao castelán.		
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Selecciona os significados fundamentais das palabras latinas axudándose do contexto.	TI	30
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa as traducións propias e as das compañeiras, realizando propostas de mellora.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra os progresos e dificultades da súa aprendizaxe e das súas compañeiras e extrae conclusións destes rexistros para superar as dificultades e consolidar os progresos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extrae as ideas principais de textos latinos ou de temas relacionados coa materia.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Crea e participa en diálogos breves en latín.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redacta textos sinxelos en latín.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.

Contidos

- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
2	Falamos latín?	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deduce o significado etimolóxico de termos de uso común.	PE	80
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos e semánticos producidos desde o latín ás linguas de ensino.		
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explica a relación do latín coas linguas modernas, analizando elementos comúns.		
CA2.4 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos, valorando a diversidade como unha riqueza cultural.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crea textos literarios sinxelos en distintos soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistemas de escritura ao longo da historia. - Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto, lingua falada e lingua escrita. - Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - O latín como lingua de cultura e prestixio; causas e consecuencias. Analoxía con contextos modernos. - Regras fonéticas básicas na evolución do latín ás linguas de ensino. - Léxico: <ul style="list-style-type: none"> - Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica. - Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina. - Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos. - Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación. - O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional. - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
3	Roma, a cidade eterna.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explica os procesos históricos e políticos, as institucións e modo de vida romanos comparándoos coas sociedades actuais.	PE	80
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investiga sobre o patrimonio herdado de Roma, amosando unha actitude respectuosa co mesmo.		
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	Participa de maneira adecuada nun debate sobre a importancia do legado romano na nosa sociedade.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Xeografía do proceso de expansión de Roma na Península Ibérica. A Hispania tardorromana; suevos e visigodos. - Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade. - Historia da antiga Roma: - Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio). - Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo). Roma como exemplo de potencia

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - imperialista: desmitificación da dominación romana. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.

UD	Título da UD	Duración
4	A herdanza de Roma.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explica os procesos históricos, políticos, sociais e culturais de Roma comparándoos coas sociedades actuais.	PE	70
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investiga algúns aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico contrastando distintas fontes.		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identifica e explica o legado material e inmaterial da civilización latina e analiza producións artísticas posteriores.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investiga o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado de Roma, amosando unha actitude de respecto e de valoración do mesmo.	TI	30
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Participa de xeito adecuado nun debate sobre distintos aspectos do legado romano.		
CA4.6 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explora as pegadas da romanización na súa propia contorna empregando diferentes fontes de información e presentando os resultados a través de diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.
- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.
- A romanización de Hispania e as pegadas da súa persistencia. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana; semellanzas e diferenzas.
- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. A súa pegada na Galicia moderna.
- As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
- A educación na antiga Roma: etapas educativas.
- Principais obras artísticas da Antigüidade romana.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada no desenvolvemento desta programación didáctica pretende, en primeiro lugar favorecer e potenciar as competencias do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados nos traballos de investigación, tanto na procura como no tratamento da información obtida. Pretende, así mesmo, vincular os aspectos máis teóricos da materia coa súa aplicación práctica na sociedade actual e no contexto vital do alumno ou a alumna. Polo tanto, as actividades e tarefas que se desenvolverán na clase serán diversas, segundo os obxectivos que se persigan con elas. Poñeremos en práctica actividades de introdución e de coñecementos previos, para fomentar o interese do alumnado polo que respecta á realidade a aprender; actividades de desenvolvemento, para adquirir as competencias derivadas da adquisición dos contidos e procedementos traballados na clase; actividades de síntese-resumo, para facilitar a relación existente entre as distintas secuencias de aprendizaxe e favorecer un enfoque globalizador; actividades de consolidación, recuperación e de ampliación, para contrastar ideas novas co coñecemento previo, para recuperar partes da materia cos obxectivos non acadados ou profundizar nalgunha destas partes, segundo as necesidades individuais dos membros do grupo-clase; e tamén actividades de avaliación,

pensadas para os diferentes momentos da avaliación.

O noso obxectivo é que o alumnado adquiera a formación non só a través de actividades concretas, senón da maneira de desenvolveselas. A aprendizaxe farase mediante o exemplo, a observación e a imitación, polo que será de gran importancia o compoñente afectivo. A profesora contribuirá a crear na aula un ambiente de traballo de confianza, respecto e tolerancia, e propiciará unha comunicación fluída co alumnado, tendo en conta que unha actitude favorable fomenta a motivación e, en consecuencia, a autoestima.

A profesora seleccionará e proporcionará os materiais precisos para o desenvolvemento de cada unidade e actuará como asesora, guía e mediadora de cara á actividade do alumnado, encargándose da organización e selección dos contidos, da distribución dos espazos e tempos e das cuestións que atinxen á organización das actividades, facendo as aclaracións e explicacións pertinentes. Facilitará, ademais, o acceso do alumnado a diferentes fontes de información, que incluírán materiais bibliográficos e audiovisuais.

No desenvolvemento das unidades didácticas combinamos distintos tipos de agrupamentos, seleccionando o que consideramos máis adecuado para cada actividade. O traballo individual favorece unha maior concentración e permite observar e avaliar a cada persoa en particular. O traballo en grupo permite o traballo cooperativo, o intercambio de opinión, a busca de solucións conxuntas e o desenvolvemento de habilidades sociais; permite tamén observar o comportamento do alumnado dentro do grupo, traballar as actitudes e detectar necesidades educativas individuais. A profesora organizará e distribuirá os grupos, co fin de favorecer a integración do alumnado con menor capacidade de comunicación e tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do instituto.
Plataformas Cisco Webex e Falemos.
Vídeos e titoriais gravados.
Ligazóns a ferramentas dixitais: dicionarios, tradutores, correctores, bibliotecas, museos e institucións públicas con fondos abertos.
Documentos e traballos elaborados pola profesora.
Ligazóns a páxinas web de interese.
Programas de audio e de vídeo para a procura, tratamento e procesamento da información.
Teléfonos móbiles.
Libros de texto utilizados como material de consulta.
Dicionarios e léxicos especializados en papel.

- A aula virtual do centro. A través deste medio establecerase a comunicación co alumnado en todos os aspectos necesarios para desenvolver a actividade lectiva. A aula virtual será o soporte por medio do cal se realizarán propostas e entrega de tarefas, a corrección e cualificación das mesmas, consulta de dúbidas, publicación de materiais de apoio, como documentos, vídeos titoriais, ligazóns a internet, etc. Tamén se propiciará a intercomunicación entre o alumnado a través de foros e fomentarse, na medida do posible, o traballo cooperativo en grupos.

- As plataformas Cisco webex e Falemos, para clases a distancia ou outras comunicacións co alumnado que se consideren útiles ou necesarias.

- Vídeos titoriais gravados con programas que permiten facer unha captura de pantalla de calquera material, incluído o propio libro de texto en versión dixital, e gravar ao mesmo tempo a voz, para explicarlles as tarefas que teñen que realizar ou aclararlles conceptos. Para este fin, empregaremos os programas Cam Studio e Zoom. Os vídeos publicarémolos na aula virtual, o que lle permitirá ao alumnado facer consultas sobre os mesmos.

- Ligazóns a páxinas web de interese: algunhas con exercicios interactivos, que contemplan métodos de autocorrección.

- Ligazóns a ferramentas dixitais, como dicionarios, tradutores ou correctores, así como enlaces a bibliotecas, museos e institucións que ofrecen os seus fondos para a utilización libre dos mesmos.

- Documentos elaborados pola profesora, como apuntamentos, exercicios ou solucionarios das actividades.

- Programas de audio e vídeo, que empregará a profesora, para a elaboración de materiais, e o alumnado, para a confección das súas tarefas.

- Os teléfonos móbiles do alumnado poderán ser de gran utilidade para realizaren gravacións ou fotografías, ou mesmo para utilizar algunhas aplicacións con carácter didáctico.

En calquera caso, terase en conta a dispoñibilidade do alumnado para acceder ás ferramentas dixitais e, en ningún caso, se exixirá a realización de ningunha tarefa sen termos todas as garantías de que todos e todas dispoñen dos recursos necesarios para levalas a cabo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é necesaria para pescudar cales son os coñecementos previos do alumnado en relación cos contidos e as técnicas que se van desenvolver, así como para detectar as posibles necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

Farase ao comezo dunha nova secuencia de aprendizaxe, desde logo ao comezo do curso, e cada vez que comecemos a traballar un bloque de contidos novo ou a aplicar unha nova técnica de traballo, o cal non significa que sexa necesaria ao comezo de cada unidade didáctica. Os métodos para levala a cabo serán: a documentación existente no centro, informes de profesorado, os resultados de avaliacións anteriores se é o caso, e actividades como remuíños de ideas ou resposta a cuestionarios propostos sobre temas concretos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	60	10	15	15	100
Proba escrita	70	80	80	70	72
Táboa de indicadores	30	20	20	30	28

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

Faranse dúas probas escritas por trimestre, e suporán un 70% da cualificación ao final de cada trimestre. Na maior parte dos casos abranguerán contidos lingüísticos, gramaticais e de léxico. Para obter esa cualificación, valorarase o primeiro dos exames nun 30% e o segundo nun 40%. Os contidos de cultura avaliaranse combinando probas escritas e táboas de indicadores e suporán un 20% da cualificación trimestral. O 10% restante avaliarase tamén a través de táboas de indicadores e incluírá aspectos como o traballo diario, o interese, a participación no proceso de ensino aprendizaxe, a actitude de cara á materia e de cara ao traballo individual e cooperativo ou a puntualidade na entrega de tarefas.

Á hora de precisar a cualificación final do trimestre, ante a imposibilidade de poñer decimais, atenderase ao seguinte criterio: as cualificacións con ata catro décimas, redondearanse á baixa (unha media de 5,4, na cualificación trimestral será un 5); a partir de seis décimas, redondearanse á alta (unha media de 5,6, na cualificación trimestral será un 6) e no caso de que o número decimal sexa o 5, ao ser equidistante, atenderase as cualificacións globais do alumnado, á regularidade na entrega de tarefas, e á súa traxectoria global de cara á materia para optar por unha ou outra cualificación.

A realización de determinadas tarefas requiridas ao alumnado ao longo do curso, o interese, a puntualidade na entrega, a calidade da elaboración e a presentación destas, supoñerá un 10% da cualificación final.

As actividades obxecto desta porcentaxe da cualificación poderán ser:

- Resumos, cuestionarios e outras actividades a realizar a partir de textos entregados ao alumnado con ese obxecto. Os textos estarán relacionados con aspectos relativos á materia que se imparta neses momentos e poden ser de diferente natureza. Entregaranse ao comezo da sesión e recolleranse en calquera momento que se considere oportuno en función da súa lonxitude e/ou complexidade.

- Elaboración de actividades de léxico de orixe grecolatina, de evolución ao galego e ao castelán e de locucións latinas de uso actual. Á hora de avaliar a realización deste traballo, terase en conta o rigor empregado na súa elaboración, a calidade da redacción dos seus contidos, a puntualidade na entrega e incluso a presentación final.

- Traballos sinxelos de investigación, para a realización dos cales en ningún caso se esixirá ao alumnado que empregue recursos que estean fóra do alcance das súas posibilidades, pero nos que deberá constar de xeito rigoroso a indicación de instrumentos, procedementos e fontes empregados na elaboración dos mesmos.

- Todas aqueles aspectos referidos a conceptos, procedementos e actitudes que resulten significativos a hora de

valorar a vontade de aprendizaxe do alumnado, así como o respecto pola aprendizaxe dos demais membros do grupo clase. Neste último caso inclúense tamén as aportacións que o alumno ou alumna realice á aprendizaxe común.

CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final do curso calcularase atendendo ás mesmas porcentaxes que durante as avaliacións trimestrais, tendo en conta a nota das tres avaliacións. As cualificacións que se empregarán para obter a final, serán as notas con dous decimais, previas ao redondeo de cada trimestre.

Crterios de recuperación:

Dado o carácter evolutivo dos contidos lingüísticos e aplicando o criterio de avaliación continua, as probas ou tarefas de gramática e tradución suspensas quedarán recuperadas en canto se acadase a cualificación igual ou superior a 5 puntos en probas posteriores. Aínda así, a profesora poderá determinar se é preciso que algún alumno ou alumna repita algunha das probas debido á especificidade ou importancia dos seus contidos, se considera que deben ser reforzados.

No que respecta ás probas e tarefas de cultura será necesario facer unha recuperación de cada unha das partes suspensas, que terá lugar no mes de xuño. O alumnado deberá examinarse das partes nas que non acadase unha cualificación positiva.

O alumnado que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos na avaliación ordinaria de comezos do mes de xuño, deberá presentarse a unha proba obxectiva que terá lugar a entre os días 19 e 21 do mes de xuño de 2023 e que incluírá contidos gramaticais e de cultura. Para a cualificación desta proba, a gramática ocupará un 70% e as preguntas sobre cultura un 30%.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non hai ningún alumno ou alumna coa materia de Latín I pendente.

No caso de que se presentase esa circunstancia, debido á incorporación posterior dalgún alumno ou alumna nesas circunstancias, o procedemento de actuación sería o seguinte:

1) Entrega dun dossier con actividades e tarefas de dificultade gradual para ir realizando ao longo do curso, debidamente temporalizadas por trimestres e preferentemente a través da aula virtual. As tarefas de cada trimestre serían debidamente resoltas e entregadas á profesora nas datas indicadas para a súa corrección. A supervisión destas tarefas correría a cargo da profesora da materia de Latín II e xefa de departamento, mesma profesora que imparte a materia de Latín I. As tarefas serían variadas: exercicios gramaticais de morfoloxía e sintaxe, exercicios de evolución do latín a outras linguas e exercicios de investigación sobre aspectos relacionados coa cultura de Roma.

2) Realización de tres probas escritas, unha por cada avaliación.

Os criterios de cualificación serían: 70% as probas escritas; 30% as tarefas e actividades realizadas. A cualificación final sería a obtida a través da media aritmética das tres avaliacións parciais.

No caso de non obter unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria, debería realizar unha proba escrita na avaliación extraordinaria na que os contidos gramaticais supoñerían o 70% da cualificación e os contidos de cultura o 30%.

Para a temporalización das avaliacións, teranse en conta as datas de avaliación de 2º de bacharelato, xa que o alumno ou alumna nesta circunstancia terá que ter resolta a cualificación da materia de Latín I antes de que remate o curso de Latín II, para así ter a posibilidade de ser cualificada positivamente en ambas materias.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Para poder cursar a materia de Latín II é imprescindible ter cursado a materia de Latín I. Neste curso non temos ningún alumno ou alumna nestas circunstancias, pero no caso de que se dese esta situación, debido á algunha incorporación posterior, o procedemento de acreditación de coñecementos previos sería o mesmo que o previsto no caso de ter a materia de Latín I pendente e que recolleemos no apartado 5.3 da programación.

Para a realización das tarefas e a preparación das probas escritas, o alumnado contará co asesoramento e supervisión permanente da profesora de Latín II.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo o Latín I unha materia troncal de modalidade, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe.

Esta programación está prevista para un grupo de 3 alumnas, con diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses, motivacións e aptitudes, como é normal en calquera grupo social. Trataremos de atender esa diversidade xeral, individualizando dentro do posible as actuacións que implican o proceso de ensino aprendizaxe e intentando que a aula sexa un espazo inclusivo no que teña cabida todo alumnado, independentemente das súas características persoais.

Cos datos dos que dispoñemos no momento de elaborar a programación, non temos constancia de que no grupo exista ningunha alumna con necesidades específicas de apoio educativo. No caso de que ao longo do curso se detectase algún caso ou se incorporase algún outro alumno ou alumna con esas características, adoptaríamos as medidas necesarias e oportunas en coordinación co Departamento de orientación, a persoa titora e a familia.

Por outra parte, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que o precise. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade.	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao campamento romano Aquis Querquennis.	Visita aos restos arqueolóxicos do campamento romano situado en Porto Quintela, en Bande (Ourense), que se completará cun roteiro literario en Celanova, organizado polo Departamento de galego	X		
Teatro grecolatino	Asistencia á representación teatral dunha obra de Plauto no marco do Festival de Teatro Grecolatino que organiza a Delegación galega da SEEC cada curso para alumnado de clásicas			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación adecuada: número duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de adecuación e utilidade dos materiais e recursos empregados.
Medidas de atención á diversidade
Resultado das medidas de atención á diversidade adoptadas.
Clima de traballo na aula
Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
Outros
Tratamento dos temas transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para o resto dos indicadores a final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisaráse nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cadames, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento

no que se considere oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na última reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados